

Nace o 12 de xuño de 1942 na costa lucense, de onde teñen que desprazarse a súa nai e el, para estar preto do pai, detido pola súa militancia comunista e encarcerado no Castelo de San Felipe, na entrada da ría de Ferrol. Son anos, como el mesmo ten comunicado nalguna entrevista e nas súas memorias (*O latexo da vida e a conciencia*), de moita penuria e fame, ademais de padecer por ese feito a represión dos franquistas.

Con 15 anos comeza a traballar no estaleiro ferrolán de Bazán, e tres anos máis tarde, con 18 anos, en 1960, afíliase ás Xuventudes Comunistas. En 1966 participa na creación das Comisións Obreiras de Bazán, anticipo das CC.OO. de Galicia. Todo, por suposto, organizado en clandestinidade e para reivindicar non só melloras para a clase obreira, senón para loitar contra a ditadura franquista.

O clima de axitación antifranquista que se vén dando desde finais dos anos 50, con especial forza nas folgas mineiras de inicios dos anos 60, vai desembocar nos acontecementos do 10 de marzo de 1972 (cúmprense neste ano 50 anos), cando se reclama un convenio laboral que non sexa perxudicial para os traballadores de Bazán en Ferrol. Na brutal e violenta resposta da policía franquista, a golpe de metralleta, falecen Amador Rey e Daniel Niebla e dúcias son feridos. Prodúcese unha persecución e detención dos considerados organizadores da protesta e persoas como Rafael Pillado son encarceradas ate 1976, cando saen co gallo da Amnistía.

Isto é o que declara a Marcos Pérez Pena, xornalista de Praza Pública:

A represión e a vixilancia eran abafantes. Ti tiñas que facer o teu traballo, no meu caso en Bazán, e despois aproveitar determinados momentos, como ir ao baño, ou ir buscar ferramentas, para establecer contactos, recoller ideas e propostas doutros compañeiros. Había moito traballo sindical, nunha empresa que daquela tiña uns oito mil traballadores, e aínda despois saías ás seis da tarde, ías a outra empresa da comarca, a unha reunión clandestina con compañeiros. Todo iso supoñía un gran esforzo, burlando á policía, vixiando que non te seguisen. Eu cando vou á cadea, no ano 72, a miña filla tiña dous anos, pero eu coñecina realmente en 1976, cando saín da cadea, porque até entón eu saía moi cedo pola mañá cando ela aínda durmía e volvía a casa moi tarde, cando ela xa durmía. E coma min moitos outros compañeiros tiñan ese compromiso.

Este fragmento demostra o compromiso dunha persoa que non rematou coa chegada da democracia, senón que se prolonga ate hoxe. Como di, coñeceu a morte do ditador compartindo cela con Nicolás Sartorius, cando polos corredores corre a voz 'murió, murió, murió'....Firme coñecedor de como se xesta a Transición e as consecuencias que ten para a vida actual.

O seu pensamento adquire sempre unha dimensión colectiva, de relación comprometida:

(As memorias) Están pensadas para falar do presente e do futuro, para amosarlles ás novas xeracións que os valores que nós defendemos están de actualidade, o valor da solidariedade, amosando como fomos construíndo a organización dos traballadores, empresa a empresa, e como traballabamos procurando obxectivos colectivos, non individuais

O seu compromiso político levouno a ser Secretario Xeral do PCG, en 1979 e, máis adiante, tamén militou no PSOE, así como apoiou a AGE no ano 2012. Desde a Asociación Fuco Buxán de Ferrol non deixou de loitar polo que considera xusto, como en contra da instalación da planta de gas de Reganosa en Mugar dos, no interior da ría de Ferrol.

Consecuencia das nefastas políticas construtivas dadas na ditadura franquista, con financiación da Banca da familia March, o amianto converteuse nun dos materiais máis empregados neste noso país en todo tipo de instalación e construción (máis de 3000 produtos elaboráronse co axente canceríxeno) con monopolio da empresa Uralita SA. Lémbrese que só se prohibiu no ano 2002. A exposición ao amianto, ás fibras do asbesto, pode derivar nun cancro, como así é no caso de Rafael Pillado que anunciou en datas moi recentes que padece un mesiotelioma maligno. Digno ao longo de toda a súa vida négase ao silencio e afirma que loitará para denunciar os responsables de encher todo o estado español con este asasino silencioso.

Unha honra e un pracer que estea aquí, con nós, para contar a súa experiencia, no IES de AMES.